

ANUARIO BRIGANTINO

2021

N.º44



ANUARIO BRIGANINO

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité Científico

Ángel Arcay Barral (director)
Xosé M.^a Veiga Ferreira (subdirector)
Alberto López Fernández (secretario)

Martín Almagro Gorbea
Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Manuel Ma de Artaza Montero
Pablo Cancelo López
Marta Colón Alonso
Concepción Delgado Corral
Alfredo Erias Martínez
M.^a Jesús Lorenzo Modia
Carmen Manso Porto
Xosé Luís Mosquera Camba
Manuel Núñez Rodríguez
James Duran/Séamas Ó Direáim
Carlos Pereira Martínez
Antonio Raúl de Toro
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera
Xesús Torres Regueiro
José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†):

José Antonio Fernández de Rota
Antonio Meijide Pardo
José Antonio Miguez Rodríguez
Xulio Cuns Lousa
José García Oro
Luis Monteagudo García
Xosé Ramón Barreiro Fernández

Colaboradores técnicos:

Yosune Duo Suárez
Martín Fernández Maceiras
Silvia Muíño Naveira
José Luis Pariente
Ermita Rodríguez Pérez

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

2021 n.º 44

Dos traballos asinados
responden os seus autores;
dos demais, a dirección do
ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de
orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais

Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña

Tlf. 981 77 36 93
anuariobrigantino@betanzos.net

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos. A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet.

Está considera na categoría "C-Normal" segundo a valoración do Ministerio de Cultura e clasificada así mesmo pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades). Aparece tamén integrada nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *Centro de Información y Documentación Científica* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); DIALNET (*Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (*Red de Bibliotecas Universitarias Españolas*); CARHUS Plus + 2018; RESH (*Revistas Españolas de Ciencias Sociales y Humanidades*).

Cuberta:

*Debuxo dun fragmento da fonte da
Diana Cazadora de Betanzos deseñada
por Pedro Villar.*

Contracuberta:

*Debuxo a partir fotografía de Ferrer
"Vendedoras na rúa da Porta da Vila".*

*Deseño da cuberta, composición e
maqueta: Yosune Duo Suárez.*

*Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI*



ÍNDICE

- * Gravados rupestres no concello de Paderne,
 polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DETRASANCOS.....11
- * Dous machados de tope inéditos do Museo das Mariñas e o «Grupo 29»
 de Luis Monteagudo, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....23
- * Un pequeno puñal de espigo inédito del Museo das Mariñas:
 sobre armas, imagen y “representación” en los inicios de la
 Edad del Bronce, por JOSÉ SUÁREZ OTERO.....33
- * Nuevos elementos arqueológicos en Coirós (A Coruña),
 por DAVID FERNÁNDEZ ABELLA.....41
- * Ara romana de Perbes *Conventus Lucensis*, provincia Hispania Citerior,
 por FELIPE ARIAS VILAS e M.^a DOLORES DOPICO CAÍNZOS.....55
- * Revisións y actualizacións del *corpus* de inscripciones romanas de Galicia
 (Hispania citerior), por JUAN MANUEL ABASCAL.....59
- * La Virgen de la Leche de Santa María de Conxo,
 por CARMEN MANSO PORTO.....101
- * Benfactores de la provincia de A Coruña: Los legados a los Establecimientos
 de Beneficencia Provincial (II), por MANUEL FIAÑO SÁNCHEZ.....151
- * Los Verederos de Betanzos 1789-1831,
 por ANDRÉS MOSQUERA GALÁN.....177
- * Crónica del Somatén Armado en el Partido de Betanzos (1920-1932),
 por JOSÉ LUIS CRESPO GARRIDO.....185
- * 10 anos do Memorial Carlos López García-Picos:
 a homenaxe de Betanzos ao seu músico máis internacional,
 por JAVIER ARES ESPÍÑO.....233
- * La restauración del retrato de Carmen Echeverría-Olaverri
 pintado, por Víctor Morelli, por CREA Restauración S.L.....243
- * A Porta da Vila de Betanzos: a súa demolición e ensanche,
 por DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA.....267

* Os deportados galegos nos campos de concentración da Alemaña nazi (1940-1945). O caso da comarca de Betanzos, por ALBA GARRIDO FERNÁNDEZ e CARLOS LOZANO GONZÁLEZ.....	307
* “ <i>En las orillas del Sarela</i> ”. Exclaustración, xardín e literatura no pazo de San Lourenzo, por RICARDO VARELA.....	321
* A representación da tecnoloxía no parque do Pasatempo de Betanzos. Análise do mergullador e do dirixible, por YOSUNE DUO SUÁREZ.....	339
* Luis Cortiñas (1900-1987). Nacionalismo, republicanismo, condena e exilio, por XESÚS TORRES REGUEIRO.....	357
* As obras particulares no Arquivo municipal de Betanzos (1931-1962), por ÁNGEL ARCA Y BARRAL.....	453
* Actualizando a tradición: uns Xogos Florais do século XXI, polo grupo PESQUEDELLAS.....	479
* ACONTECEMENTOS DO ANO.....	487
* ENTIDADES CULTURAIS.....	519
* Presentación do Anuario Brigantino 2020, por ANTOLÍN SÁNCHEZ PRESEDO.....	537
* Presentación do anuario brigantino 2020: palabras de despedida do seu director (15 de outubro de 2021), por ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ.....	551
* Homenaxe a Alfredo Erias, pola REDACCIÓN DO ANUARIO BRIGANTINO.....	559



Anime

ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos* e a súa *Comarca*, *El Metropolitano* e as *Mariñas*.



5 de xaneiro de 2021

Foi suspendida a tradicional cabalgata polas medidas de seguridade pola Covid. Os máis pequenos poideron pedirllles os seus regalos nunha recepción especial dos Reis Magos nas pistas polideportivas cubertas do Carregal.

8 de xaneiro de 2021

O Concello sorteou neste día os premios das Campaña “Merca tan cerca” que poñía en xogo 6.000euros para gastar nos negocios locais á iniciativa promocional que eran 125.



28 de xaneiro de 2021

Desenvolveuse o *Obradoiro de poesía e escrita creativa* por conta da escritora galega Dores Tembrás do colectivo Apiario, organizado polo Concello.

28 de xaneiro-6 de febreiro de 2021

Realizouse ao longo destes días un cribado poblacional por parte do Sergas no polideportivo municipal de Betanzos, que contou cunha participación do 70%, no que os casos detectados foron inferiores ao 1%. O Covid afectou con dureza ao Centro Pai Menni onde morreron nove persoas desde o inicio da pandemia.



Febreiro de 2021

Con motivo das medidas contra a Covid foron suspendidas as feiras do un e dazaseis deste mes así como os actos culturais.

18 de febreiro de 2021

O momento crítico que atravesan os hosteleiros pola epidemia do covid levou a que se manifestasen polas rúas da cidade baixo a Plataforma *SOS Hostelería de Betanzos*, pedindo medidas de apoio ao sector. Foron varios centos de persoas que contaron co apoio dos partidos políticos municipais, saí como de diversas asociacións.



Arume

22 de febreiro de 2021

Visitou a nosa cidade o conselleiro de cultura Educación e Universidade, Román Rodríguez, que estivo acompañado do Delegado territorial da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, da alcaldesa, María Barral e varios concelleiros. Visitou as obras de restauración que se realizaron na igrexa de San Francisco, nas que a Xunta investiu 350.000 euros.



Prensa Concello

Febreiro

Ao longo deste mes para conmemorar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro colocáronse algúns dos seus poemas nos balcóns dos principais edificios municipais.

Febreiro de 2021

Executáronse obras para estabilizar o pavillón do Estanque do Retiro no Pasatempo, seguindo as indicacións técnicas do proxecto realizado polos arquitectos Xan Casabella e Xosé Díez.

5 de marzo de 2021

Organizado por Forxa Producións e patrocinado pola Deputación da Coruña tivo lugar no Edificio Liceo a proxección «Da guerra coma arte, a arte en contra da guerra. A guerra e o seu relato na arte contemporánea en Galicia» de Rosario Sarmiento.



6 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo celebrouse o espectáculo musical e teatral para nenos e familias «Ris Ras» por conta de Baobab Teatro dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello a través da Rede cultural da Deputación da Coruña.

10-11 de marzo de 2021

Organizado polo Concello dentro do programa do Día da Poesía tiveron lugar no colexio do CEIP Francisco Vales Villamarín diversas sesións do recital pedagóxico «Que brille o meu verso» por conta da escritora galega Antía Otero de Apiario.

12 de marzo de 2021

Organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns o concerto homenaxe no LII aniversario da Coral Polifónica de Betanzos por conta do Quinteto InVento.

13 de marzo de 2021

Dentro do programa Sábados Miúdos, organizado polo Concello a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña, celebrouse no Edificio Arquivo o contacontos para nenos e familias «O chineiro da tía María» por conta de Antaruxada.

13 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «SÓS» interpretada pola compañía Malasombra Producións, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



15 de marzo de 2021

Como peche do proxecto «21 días co galego e +» celebrouse no centro do IES As Mariñas promovido pola Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e no que colabora o Concello de Betanzos o espectáculo «Naviza Girl» por conta de Isabel Risco.

17 de marzo de 2021

Dentro do programa do Día da Poesía, organizado polo Concello, celebrouse no do CEIP Francisco Vales Villamarín e no CPR Nosa Señora do Carme «Atocha» diversas sesións do recital pedagóxico «Que brille o me verso» por conta da escritora galega Antía Otero de Apiario.

14 de marzo de 2021

María Filgueiras, do clube Maldita Buena Suerte Caimanes de Betanzos, acadou en Valladolid o subcampeonato de España na categoría cadete na modalidade ciclista de XCO.

19 de marzo de 2021

A alcaldesa, María Barral, xunto ao concelleiro Diego Fernández, mantivo neste día unha reunión de coordinación con responsables técnicos de Servizos Sociais, Policía Local, e Protección Civil previa ao peche perimetral decretado pola Xunta ante a situación xerada pola pandemia.

22-26 de marzo de 2021

Dentro do programa Día da Poesía, organizado poolo Concello, desenroláronse nos centros de ensino de secundaria varias sesións da actividade «Visita virtual a unha editorial de poesía: Medulia» con Diana Varela Puñal, así coma os obradoiros de poesía e escrita creativa por conta da escritora galega Dores Tembrás do colectivo *Apiario* e Obradoiro de apoderamento lingüístico por conta de *Rexerando SCG*.



Prensa Concello

23 de marzo de 2021

O betanceiro, Juan María García Otero, fundador da revista R&R e de Restauro, cedeu á Biblioteca Municipal «A. Castelao» 1.560 libros e revistas. A donación foi recibida pola alcaldesa María Barral nun acto celebrado no edificio Arquivo.

24 de marzo de 2021

Dentro do programa *Sábados Míúdos* tivo lugar na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, o espectáculo para nenos e as familias «Rilla rilla na lingua» por conta do grupo *Xarope Tulú*.

Prensa Concello



26 de marzo de 2021

Carmen Moar recibiu de mans da alcaldesa María Barral o premio Úrsula Meléndez de Texeda, no marco da conmemoración do Día Internacional da Muller, co que se recoñece o labor das persoas que de forma colectiva ou individual, contribuíron a fomentar a igualdade de xénero. «Carmiña» traballou na panadería Moar, ao longo de 63 anos ata o seu peche en decembro de 2020.

La Opinión



26 de marzo de 2021

A Reserva de Biosfera *Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo* puxo en marcha unha nova iniciativa turística para os concellos bañados pola ría, coa posta en servizo dun catamarán eléctrico. Foi presentado no porto de Betanzos nun acto no que estiveron presentes o vicepresidente da Reserva e alcalde de Paderne, César Longo; e os alcaldes e alcaldesas de de Bergondo, Alejandra Pérez; de Miño, Manuel Vázquez e de Betanzos, María Barral. Tamén asistiron ao acto Gemma Garrido e Laurent Ogel da empresa A-02 Velas; O enxeñeiro náutico, José Ballester e o técnico da Reserva, Diego López.

27 de marzo de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns do edificio Arquivo, tivo lugar o contacontos para público adulto «Contos de contrabando» por conta de Avelino González. Organizado polo Concello a través do programa Lingua a escena da Rede cultural da Deputación da Coruña.

27 de marzo

Oconcello adheriuse ao apagado de luces «A hora do planeta». Un xesto para concienciar sobre a problemática do cambio climático e a perda de biodiversidade.



Arume

31 de marzo de 2021

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida, recibiron no Edificio Arquivo aos deportistas destacados do ano 2020.

3 de abril de 2021

Celebrouse a “Gymkhana polo casco” unha aventura polo casco histórico de Betanzos para a xente nova entre 12 e 35 anos en grupos de catro e cinco persoas.

3 de abril de 2021

Celebrouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a “FestaDaXuventudeBT21” coa participación do *DJ Sebas*.

9 de abril de 2021

No edificio Liceo asinouse un convenio entre a Federación Galega de Baloncesto, representada polo seu presidente, Francisco Martín Micó, o presidente do Clube Santo Domingo de Betanzos, José M. Valeiro e a alcaldesa, María Barral. Betanzos foi o lugar escollido para a celebración do Campionato de España de Clubes en categoría Infantil masculina no mes de xuño.



Prensa Concello



Anume

15 de abril de 2021

A atleta betanceira, Ivana Román foi recibida no concello pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de Deportes, Andrés Hermida, despois de que esta acadara a medalla de prata no campionato de España sub. 23 en lanzamento de xabalina.

17 de abril de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Running (unha suorenta comedia De Ste Xeito)» interpretada pola compañía De Ste Xeito

Produccións. Organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

19-23 de abril de 2021

Ao longo destes días desenrolouse nos centros educativos da cidade varios obradoiros organizados polo Concello con motivo do Día Internacional do Libro e da Lectura: «Agromando palabras» por conta do colectivo Apiario; sesións do contacontos «Arredor de Xela. Unha homenaxe á vida e obra de Xela Arias» por conta da narradora Raquel Queizás.



Prensa Concello

24 de abril de 2021

Doce mulleres que abriron os seus negocios no ano 2020 recibiron o recoñecemento do Concello cos distintivos «Muller Emprendedora», coincidindo co mes da muller.



24 de abril de 2021 a 9 de maio de 2021

Desenvolveuse na Aula de Cultura Xulio Cuns o XII Encontro de Teatro Aficionado de Betanzos, organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e polo Concello: «A doutora» interpretada pola compañía Teatro do Lecer (A Coruña), «Yerma» pola Compañía de Teatro Noite Bohémia (A Coruña), «A farsa de Maitre Pathelín» polo Grupo de Teatro Tiruleque (O Carballiño), finalizando con «Crime desorganizado» interpretada pola Agrupación Teatral Mariñán (Betanzos).

24 de abril de 2021

No Edificio Arquivo, dentro do programa Sábados Miúdos organizado polo Concello, tivo lugar o contacontos para bebés «Nano canta croac» por conta de Raquel Queizás.

25 de abril de 2021

A alcaldesa, María Barral entregoulle o premio Úrsula Meléndez de Texeda 2020 á Asociación de Loita contra o Cancro de Betanzos, que non poido ser entregada no seu tempo pola declaración de Estado de Alarma. Recolleu o galardón a presidenta da asociación, Miluca Morandeira.



Arume

Abril de 2021

A Xunta de Galicia licitou por por máis de 111.000 euros a redacción do Plan Director para o Parque do Pasatempo ao arquitecto coruñés, Diego Crecente.

Abril de 2021

O artista betanceiro, Diego Salgado estreou o seu primeiro disco: Growing Strong, que puxo dispoñible en todas as plataformas dixitais e foi coproducido pola discográfica ONME Produccións.



Prensa Concello

26 de abril de 2021

O restaurante Sinuessa e o Bar Galicia recolleron os premios de gañadores da Semana da Tortilla de Betanzos 2020 do xurado e a de votación popular, de mans da alcaldesa, María Barral.

30 de abril de 2021

Desenvolveuse nos centros de ensino da cidade o Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes por conta de Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega, organizado polo Concello.

Abril de 2021

A Universidade da Coruña concedeu o Premio de Excelencia Académica 2020-2021 ao estudante betanceiro, Mario Couceiro García, que cursa estudos no Grao de Nanociencia e Nanotecnoloxía.

Maio de 2021

Ao longo deste mes levouse a cabo o programa das Letras organizada polo Concello, que este ano estivo dedicado a Xela Arias. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, ademais das propias institucións municipais. Ana María Fraga Rodríguez do Centro Pai Menni, foi a gañadora do concurso de carteis das Letras Galegas.





1 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns presentouse o libro *El Parque del Pasatiempo* do que son autores Ángel Arcay, Yosune Duo e José Souto. Recóllese no mesmo a historia do parque desde 1893 ata a súa declaración como BIC en 2020. Os autores forman parte da *Asociación Amigas do Parque do Pasatiempo* que loitan para a recuperación deste espacio emblemático de Betanzos.

Maio de 2021



Celebrouse no Edificio Arquivo ao longo deste mes o Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, organizado polo Concello de Betanzos e coordinado por Alfredo Erias. A primeira conferencia foi a titulada «Sempre houbo ricos e pobres: a convivencia da moda parisina das García Naveira cos últimos resquicios do traxe tradicional galego» por conta de Sara Fraga Pérez. A segunda «Que é o Parque do Pasatiempo? Arte, capricho e iniciación» por conta de Ángel Arcay Barral «Que é o Parque do Pasatiempo? Arte, capricho e iniciación» por conta de Ángel Arcay Barral. A terzeira, O Parque do Pasatiempo: unha «finca-museo» por conta de Daniel Lucas Teijeiro Mosquera. A cuarta, «Lolita Díaz Baliño, a ilustradora dos sonhos» por conta de Rosario Sarmiento Escalona.

7 de maio de 2021

Dentro do programa das Letras Galegas organizado polo Concello tivo lugar no Edificio Arquivo o recital poético e conversa arredor do libro *Xela Arias, palabra á intemperie* por conta das autoras Enma Pedreira e Laura Romero.

Maio de 2021

Ao longo deste mes, dentro do Programa das Letras Galegas, desenroláronse nos centros educativos da cidade obradoiros: «A rebotica dos contos», desenvolvido pola compañía *Xandobela* dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, «Obradoiro de poesía e escrita creativa» por conta da escritora galega Antía Otero do colectivo Apiario «Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes» por conta de *Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega*. E contacontos «Xela Arias e Liberdade, solidariedade e amor pola lingua» por conta de *Polo Correo do Vento*. O espectáculo «De ti e mailo mundo que apañes» arredor de Xela Arias por conta de *Xarope Tulú*.

10 de maio de 2021

No Edificio Arquivo tivo lugar a exposición «Xela Arias e as palabras» e «Abecedaríome».

14 de maio de 2021

No Cine Alfonsetti tivo lugar a proxección das películas para público adulto «Eroski Paraíso» (Jorge Coira, 2019), dentro da programación *Cine no Alfonsetti*. Este acto estivo incluído dentro do Programa das Letras Galegas organizado polo Concello.

14 de maio de 2021

Tivo lugar o acto de entrega dos premios do XI Concurso de carteis das Letras Galegas, que organizou o Concello de Betanzos dentro do programa das Letras Galegas. A gañadora foi Ana María Fraga Rodríguez do Centro Pai Menni. Tamén gañaron un accesit Paula Blanco Garea do CEIP Francisco Vales Villamarín e Zahira Figueroa Martínez do CPR Nosa Señora do Carme «Atocha».



Arume

15 de maio de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar o espectáculo de bibliodisoteca e sesión de música infantil «Picadiscos Marifaltri» dentro do programa *Sábados Miúdos*.

16 de maio de 2021

O padexeiro betanceiro, Carlos Arévalo proclamouse campión do mundo en K4-500 xunto con Craviotto, Cooper e Germade na proba celebrada en Szeged (Hungria).

21 de maio de 2021

Dentro do festival *Elas Son Artistas*, organizado polo Concello, representouse na Aula de Cultura Xulio Cuns a obra teatral «Anatomía dunha serea» interpretada por Iria Pinheiro.



La Opinión

22 de maio de 2021

O musico coruñés Gandy presentou no Edificio Arquivo o cartel do ciclo de concertos e espectáculos que se realizaron no mes de xullo. Contou coa aistencia da alcaldesa, María Barral, así como do apoio do Concello.

25 de maio de 2021

Foi recibido no concello pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andres Hermida o clube de Orientación *O Pasatempo*.

26 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns representouse a obra *O Premio* a cargo da compañía *La Quintana*. Foi organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Arume

28 de maio de 2021

No Cine Alfonsetti tivo lugar a proxección das películas «Nación» (Margarita Ledo, 2020), dentro da programación *Cine no Alfonsetti*. Organizada polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas.



Prensa Concello

28 de maio de 2021

Tivo lugar no Edificio Liceo o acto de entrega dos premios do *X Concurso de creación literaria*, organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa das Letras Galegas, para promover o emprego escrito da lingua galega e fomentar a creación literaria xuvenil. O premio en categoría ESO foi para Alba de Lucía Vázquez Campillos (1o ESO IES As Mariñas co texto «Sen título». Na categoría de Bacharelato e ciclos formativos foi para Clara Blanco Veres (1o Bacharelato IES As Mariñas) co texto «Desterros confinados». En categoría aberta o premio foi para Alba Sánchez Ares.

29 de maio de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «O Premio» interpretada pola compañía *La Quintana*. Organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

2dexuñode2021a31deagostode2021

O Concello puxo nestes meses un servizo de bus gratuito á praia de Miño.

5 de xuño de 2021

Organizado pola Deputación da Coruña en colaboración co Concello de Betanzos tivo lugar na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns a representación teatral para público familiar «Rosalía, o lugar onde medran as poetas» por conta de *Culturaactiva*.

5 de xuño de 2021

Na igrexa de Santa María do Azogue celebrouse un Concerto polo grupo Untía, organizado pola Orquesta Sinfónica de Galicia en colaboración co Concello de Betanzos.

Xuño de 2021

«Pantasma» foi a curtometraxe que se estreou nas redes sociais este mes, da autoría de Fran Vilariño, miñense afincado en Betanzos, na que debutou como guionista, director actoral e actor.



Prensa Concello

6 de xuño de 2021

A alcaldesa, María Barral reuniuse coa directora territorial de telefónica para trasladarlle a necesidade de mellorar a conexión de varias parroquias da zona rural.

7 de xuño de 2021

Presentouse no Edificio Arquivo o Campionato de España de Baloncesto Infantil de Clubes, no que colaborou o clube de baloncesto de Santo Domingo, e no que participaron tamén os concellos de Pontedeume, Abegondo e Miño. Foron recibidos pola alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida.



Arume

10 de xuño de 2021

No cine Alfonsoetti tivo lugar a proxección do documental «Noite irisada» (Bea Vázquez Campaña, 2019), para o alumnado dos IES As Mariñas e Francisco Aguiar. Foi organizado pola Deputación da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos.

10 de xuño de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral «Roupa vella», por conta da *Escola de Teatro Casa Hamlet* baixo a dirección de Santiago Fernández. Organizado por *Casa Hamlet* coa colaboración do Concello de Betanzos.

11 de xuño de 2021

Dentro da programación «Cine no Alfonsoetti», organizado polo Concello, tivo lugar a proxección da película «Ons» (Alfonso Zarauza, 2020). Ao remate tivo lugar un coloquio coa presenza do director Alfonso Zarauza e da protagonista Melania Cruz.

12-18 de xuño de 2021

Betanzos foi a sede do Campionato de España de Baloncesto Infantil de Clubes, competición que contou co apoio de Xunta e Deputación, e que reuniu a 32 equipos con 384 deportistas. Os concellos de Pontedeume, Abegondo, Miño acolleron algún dos encontros. O campión foi o Real Madrid Basket.



Arume

Arume



14 de xuño de 2021

Realizouse unha concentración contra a violencia machista diante do Concello, nun acto convocado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

17 de xuño de 2021

O concelleiro, Pablo Beade, e os gardas municipais Manuel Seijo e Laura González entregaron os diplomas da campaña de seguridade vial, no que participaron arredor de 400 escolares do Colexio Público Francisco Vales Villamarín.

17 de xuño de 2021

A alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida recibiron no concello ao futbolista betanceiro, actualmente no Mallorca, Dani Rodríguez.



19 de xuño de 2021

Dentro do programa Sabados Miúdos, organizado polo Concello, celebrouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo, «danzacontos» para nenos e nenas de ata 6 anos e as familias e «Historias en movemento» por conta de Laura Rey de Xanzá Movemento Eco creativo.

25 de xuño de 2021

Dentro da programación «Cine no Alfonsetti», organizado polo Concello, tivo lugar a proxección da película «Esquece Monelos» (Ángeles Huerta, 2016).



Arume

Arume



26 de xuño de 2021

Celebrouse no Campo da Feira (Bellavista) o III Festival Música Local 15.300 BTZ organizado polo Concello, no que participaron os grupos locais: Duro, Sickepper, Mr. Degrees, Sin City Devils e Radio Infame. Contou coa participación da banda convidada Zenzar.

27 de xuño de 2021

O padexeiro betanceiro, Iván Fernández acadou a medalla de bronce en K4 500 xunto cos seus compañeiros Blai, Lázaro e Xoel, no campionato Europa sub 23 celebrado en Poznan (Polonia).

Xullo de 2021

Ao longo deste mes desenroláronse os concertos e actuacións no Auditorio do Pasatempo, promovidos e organizados polo músico coruñés Francisco Gómez Seijo «Gandy», nos que participaron: Bad Gyal o día 3, Prok o día 10, Leo Harlem o 17, Taburete o 22, M Clan + La Banda del Camión o 24 e Carlos Sadness o día 31.

8 de xullo de 2021

A Asociación de Amigas do Parque do Pasatempo presentou no Edificio Liceo o cuarto número da revista A Casa dos Espellos. No mesmo acto presentouse o número cinco da revista Mazarelos. 10-11 de xullo de 2021

Levou a cabo nestes días a programación especial Feira Franca Medieval, organizada polo Concello, tiveron lugar diferentes actos no casco histórico da cidade: actuación do malabarista Kote Malabar, do mago Gonzálvez, pasarrúas polo grupo Acibreira e os brinqueiros; concerto de música medieval por conta do grupo Acibreira; representación de entremeses de Miguel de Cervantes por conta do grupo de teatro La Recua. Tamén participaron o Grupo Azougue e a Escola Municipal de Folclore de Betanzos (EMuF).



Prensa Concello

4 de xullo de 2021

Constituíuse oficialmente a Fundación Globo de Betanzos para garantir a continuidade desta tradición, coa primeira xuntanza. O Padroado da Fundación está composto por doce membros presidida pola alcaldesa, María Barral. Forman parte tamén catro concelleiros, o secretario do Concello, tres membros da

amilia Pita, entre eles Emilio e Jaime, e tres colaboradores. A Fundación será a responsable de elaborar, inflar e lanzar o Globo de San Roque cada agosto con ocasión das festas patronais.

16-18 de xullo de 2021

Celebráronse ao longo destes días, dentro do programa de actuacións do Festival BetanJazz+, organizado polo Concello coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC, concertos a cargo dos grupos: La Rúa Band, do grupo Valentín CaamañoQuartet, DixieKings & Paty Lesta.

19 de xullo de 2021

Nos talleres ocupacionais do centro Pai Menni pintáronse á man 1600 bolsas que o Concello repartiu entre os comercios e locais de hostalería. As bolsas foron entregadas á alcaldesa, María Barral, nun acto ao que asistiron a Superiora, Sor Cipri Cía; a directora xerente, Inma Segarra; a psicóloga de Integración Laboral, Pilar Bouza, e Dolores Francisco, unha das usuarias que participou no proceso. O proxecto realizouse dentro do Programa de Inserción Laboral 2021 subvencionado pola Xunta de Galicia.



Arume

23 de xullo de 2021

Tivo lugar no Auditorio do Pasatempo o XXV Festival de Folclore Día de Galicia coa actuación do Grupo Azougue e Xosé Lois Romero & Aliboria. Organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

24 de xullo de 2021

Celebrouse unha Travesía Náutica entre Betanzos e o Pedrido organizada porla *Asociación de Amigos de los Ríos de Betanzos* (Arbe), *Porta da Vila*, Asociación Deportiva *O Pedrído*, Clube Náutico *Ría de Betanzos* e o Clube de *Remo Mandeo*. O obxectivo é facer ver as necesidades de mellora da ría.

26 de xullo-11 de agosto de 2021

Celebrouse o programa de Cine na Rúa, coa proxección das películas *Aladín* (2019), *Dumbo* (2019), *Spider-M: Lejos de casa* (2019), «*El Rey León*» (2019) e «*Onward*» (2020) nos locais sociais de Guiliade, Angustia, Xanrozo, Matadoiro e ó aire libre no Paseo de Bullas, na explanada de San Martiño, na Praza de Enrique Riego e na de Casa Estrada.

30 de xullo-1 de agosto de 2021

Ao longo destes días celebrouse o VI Festival de Artes Escénicas na Rúa «Vai de rúa», organizado polo Concello coa colaboración da Deputación da Coruña, e con participación de diferentes grupos e compañías: *Pulpiño Viascón* có pasarrúas musical «*Organetta*», *Teatro ó Cubo* có espectáculo «*Ghop!*», Marian Ledesma có espectáculo «*Música de Contos*», *Kote Malabar* có espectáculo «*Cirkote*», *Laboratorio Escénico Danza* có espectáculo «*Canela*», *Entremáns* có espectáculo «*Amparo*», *compañía N+1* có espectáculo «*O parrulo feo*», *Pakolas* có espectáculo «*Ramona Órbita, a dona do tempo*», *Peter Punk* có espectáculo «*Punkdemia*», *Mago Román* có espectáculo «*Laberinto de ilusións*» e compañía SU.MA. có espectáculo «*Ikigai*».

3-31 de agosto de 2021

Poido contemplarse na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo a exposición de óleos «*Paisaxes imposibles*», do artista Jorge Pardo Ruzo.

7 de agosto de 2021

O padexeiro brigantino, Carlos Arévalo acadou a medalla de prata en K4-500 nas olimpíadas de Tokio, xunto con Saúl Cravioto, Macus Cooper e Rodrigo Germade. A medalla sumouse ao diploma olímpico na proba k1-200.





Arume

12 de agosto de 2021

A cidade de Betanzos rendiulle homenaxe ao medallista olímpico Carlos Arévalo. Foi recibido pola alcaldesa, María Barral, a corporación municipal, integrantes do Clube Náutico *Ría de Betanzos* e numeroso público que se congregou na Praza da Constitución.



13 de agosto de 2021

Celebrouse na Praza do Campo o *Concerto Cidade de Betanzos* da Banda Municipal de Música coa actuación de Serafín Zubiri co concerto «Recordando a Nino Bravo».



Arume

pandemia do covid foron suspendidos os actos máis sinalados como o da coronación da raíña, o globo e os Caneiros, limitando os actos festeiros a concertos e pasarrúas. Neste día na Praza do Campo celebrouse un concerto do grupo Metropop.

15 de agosto de 2021

Na Praza do Campo celebrouse o concerto «Historia da Música» por conta do grupo Le Suite Band.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque

É a cuarta vez que estou diante de ti para cumprir co Voto que, ano tras ano, desde hai séculos, o pobo de Betanzos che fai neste día. Con humildade e responsabilidade tráioche o seu agarimo, as súas tristuras, as súas ledicias e as súas aspiracións nun futuro cambiante, sempre cheo de incertezas. Por iso, unha vez máis, pídoche que nos axudes a camiñar xuntos e xuntas pola senda da esperanza.

Como ocorreu en case todo o ano 2020, o planeta enteiro seguiu a sufrir no ano 2021 a pandemia do coronavirus. Despois de decretar confinamentos da poboación e un sinfín de medidas para atallar este mal, logrouse iniciar a campaña de vacinación nos últimos días de 2020 e seguimos con ela en todo o 2021.

Así, pouco a pouco a vida retorna, a luz semella que vence ás tebras. As gañas de vivir, a pesar de todos os temores, fan que de novo as nosas rúas volvan a ter xente, que os proxectos de emprendemento agromen, que de novo volvamos a saír das casas, a camiñar, a vivir en comunidade, a encontraranos.



Porque se ti serviches en hospitais de apestados, salvando a moitos e moitas deles ata contaxiarte tamén da peste e fuxindo logo a un bosque para non contaxiar a ninguén, nós coñecemos innumerables exemplos de profesionais da Sanidade que traballaron ata o esgotamento e mesmo ata a morte por salvar vidas. E á beira deses heroes e herínas, hai tamén persoas case anónimas, traballadores e traballadoras do transporte, da seguridade, da alimentación e de tantas outras actividades que fixeron posible a supervivencia e a esperanza de tanta xente, e que hoxe estemos aquí con agarimo e agradecemento diante de ti. Nunca poderemos pagar suficientemente o seu esforzo e o seu sacrificio.

Os tempos son preocupantes, crises de todo tipo que van e que veñen, cambio climático, movementos masivos de xente na procura de sobrevivir; episodios de odio polo simple feito de pertencer a outra raza ou ter outra condición sexual; mulleres esclavizadas en prostíbulos ou que nas súas casas son maltratadas e mesmo violentadas ata a morte... Temos que desrterrar todo isto.

A vida ten que ser outra cousa. O respecto, o agarimo e o amor son o único camiño verdadeiro. Axúdanos a conseguilo. Pídoche protección para todas as persoas que sofren inxustizas, sexan homes ou mulleres, especialmente para os máis débiles.

A xúdanos a non perder a nosa humanidade, a que o amor que levamos dentro agrome e venza ao egoísmo e a outros males que só nos levan á desesperación. Danos valor para seguir o bo camiño, sigue ao noso pé, guiándonos como un facho de luz na escuridade.

Grazas.

16 de agosto de 2021

Houbo pasarrúas con gaiteiros por diferentes lugares da cidade e pola noite interpretáronse as catro danzas gremiais de Betanzos por conta da Asociación *Xóvenes do Pobo* e do *Grupo Azougue* da Escola Municipal de Folclore.



Arume



Arume

Na Praza do Campo tivo lugar o espectáculo «Paio e o poder da música» por conta de *Uxía Lambona* e a *Banda Molona* que actuaron en sustitución do grupo *Oviravai*, positivos de covid.

20 de agosto de 2021

Na Praza do Campo celebrouse un concerto por conta do grupo *Havana Soul*, dentro da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e organizado polo Concello.

21 de agosto de 2021

Actuou na Praza do Campo o grupo galego *A Roda*.



Agosto de 2021

O betanceiro José Villarnovo foi nomeado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidades como membro do Consello Económico e Social da Universidade de Compostela, en representación da Confederación de Empresarios de Galicia.

10-28 de setembro de 2021

Desenvolveuse no edificio do Antigo Matadoiro a exposición «E non era ouro» resultado da experiencia de cartografía emocional en Betanzos autoría das Educadoras Sociais Antía Soto e Ara Romero, que contou coa colaboración do Concello.



Arume

10 de setembro de 2021

Un cento de persoas, entre amigos e compañeiros, déronlle un emotivo homenaxe con motivo da súa xubilación, no Pazo de Santa Cruz a Alfredo Erias, director do Anuario Brigantino, do Arquivo e Biblioteca Municipais así como do Museo das Mariñas desde o ano 1983.

18 de setembro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos*, organizado polo Concello, celebrouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo o Obradoiro de cantos de berce para nenos e as familias «Prende no colo» por conta de Luis Prego.

18 de setembro de 2021

Dentro do programa *Ler conta moito* da Xunta de Galicia celebrouse na Biblioteca Municipal «Castelao» por conta da compañía *Moc Moc-MeRe Clown*, para nenos «A verdadeira historia de Hamelín».

18-19 de setembro de 2021

Organizado pola Asociación *Pesquedellas*, coa colaboración do Concello, tivo lugar no



cine Alfonsetti a proxección do documental «Dorothe na Vila» e o concerto do dúo *Casas Barcia*, como parte das actividades do proxecto «Unha fala, un cantar. Xogos Florais 0». No claustro de Santo Domingo o espectáculo «Cóntoche un traxe» por conta de Montse Rivera.

22 de setembro de 2021

Dentro dos premios *Pyme 2021* a empresa betanceira *Grelo Comunicaciones S.L.* recibiu unha Mención Especial Reinvención Covid da Cámara de Comercio, Industria, Servicios e Navegación de A Coruña.

24 de setembro de 2021

Celebrouse o XIV Campionato de España de Tortilla de patacas no que participou o restaurador betanceiro, Alberto García, de Mesón O Pote, que chegou á final do concurso.

24 de setembro de 2021

No Edificio Arquivo desenvolveuse o proxecto «Boas Novas no Camiño» dentro do programa O Teu Xacobeo da Xunta de Galicia. Organizado pola Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC) coa colaboración do Concello de Betanzos.

25 de setembro de 2021

Dentro do programa Outono de lecer na Biblioteca da Xunta de Galicia para nenos na Biblioteca Municipal «Castelao» actuou a compañía Teatro Calavera con «Os contos da bruxa Chispum». 26 de setembro de 2021

No Claustro de San Domingos como parte das actividades do proxecto «Unha fala, un cantar. Xogos Florais 0», Organizado pola Asociación Cultural Pesquedellas coa colaboración do Concello tivo lugar o acto de entrega de premios dos Xogos Florais coa actuación musical de Caamaño e Ameixeiras e Día do Ensalzamento do Traxe Galego.

27-29 de setembro de 2021

Con motivo do Día europeo das Linguas nos centros de ensino de secundaria da cidade tivo lugar a conferencia «A lingua galega: unha oportunidade» por conta de Manuel Núñez Singala. Setembro de 2021

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo foi distinguida co premio Agader pola promoción do rural como destino turístico. O premio foi recollido polo seu presidente, José Antonio Santiso, e polo vicepresidente, César Longo, xunto con representantes das empresas adheridas á marca.

30 de setembro de 2021

Organizado pola Federación Galega de Bandas de Música Populares a Xunta de Galicia e Xacobeo 21-22, celebrouse na Praza Uxío Novoneyra un concerto da Banda de Música de Abegondo.

1 de outubro de 2021

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de música antiga por conta do grupo Egeria, dentro do Programa Circuitos (Música antiga en Betanzos) organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) do Ministerio de Educación Cultura e Deporte coa coprodución da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello.

2 de outubro de 2021

Dentro da campaña «Ler conta moito» da Xunta de Galicia, no programa «Outono de lecer» celebrouse na Biblioteca Municipal «Castelao» unha sesión de contacontos con obradoiro «Os contos da bruxa Chispum» por conta da compañía Teatro Calavera.

2 de outubro de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo para público familiar «Circo galaico» por conta de Títeres Alakrán. Foi organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a través do programa Falaredes da Rede de dinamización lingüística en colaboración co Concello.



Arume

2-10 de outubro de 2021

Ao longo destes días celebrouse a XI Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello. O premio á mellor tortilla recaeu no Bar Galicia, que tamén foi o gañador da votación popular.

2-3 de outubro de 2021

Dentro do Programa Circuitos (Música antiga en Betanzos) organizado polo Centro Nacional de Difusión Musical (CNDM) do Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) do Ministerio de Educación Cultura e Deporte coa coprodución da Unidade Pastoral de Betanzos e do Concello, celebráronse dous concertos: un na igrexa de Santa María do Azogue de música antiga por conta do grupo Armonía Concertada. Na igrexa de Santiago por conta do grupo *Eloquentia*.



5-29 de outubro de 2021

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do Edificio Arquivo tivo lugar a exposición de fotografía «Betanzos histórico. O comercio tradicional» da que foron autores o alumnado de 3.º de ESO do IES Francisco Aguiar.

6 de outubro de 2021

Presentouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o libro titulado *O día que detivemos o tempo*, da autoría de José-Domingo Vales Vía. Na presentación tamén interviron a profesora de Filoloxía Grega da Universidade de Santiago, a betanceira Teresa Amado Rodríguez e o profesor e licenciado en Dereito, Lauro Xosé Pedreira Ares.





Anume

9 de outubro de 2021

Celebrouse no Alfonso Setti un acto reivindicando o Camiño Norte orixinal de Vilalba a Betanzos, no que participaron rexidores e representantes dos concellos de Xermade, Guitiriz, Aranga, Monfero, Irixoa, Paderne, Abegondo e Betanzos. Contouse co respaldo da igrexa que estivo representada polo coengo e director da Oficina do Peregrino de Santiago, Segundo Pérez López.

14 de outubro de 2021

O xornalista e escritor brigantino, Xesús Fraga, acadou o Premio Nacional de Narrativa pola súa novela Virtudes (e misterios) da editorial Galaxia. Nela conta as vivencias da súa familia –e as súas propias- marcadas pola emigración en Londres e o seu posterior regreso a Betanzos.



El País





Arume

15 de outubro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do Anuario Brigantino de 2020 nº. 43. O acto estivo presidido pola concelleira de cultura, Ana Veiga, coa presenza do director do Anuario, Alfredo Erias. A presentación correu a cargo de Antolín Sánchez Presedo. O acto serviu como un pequeno homenaxe ao director da publicación coa súa inmediata xubilación.

18-29 de outubro de 2021

Na praza dos Irmáns García Naveira tivo lugar unha exposición sobre Ricardo Carvalho Calero, organizada pola Deputación da Coruña en colaboración do Concello de Betanzos.

9 de outubro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Pura» interpretada pola compañía de teatro *Os Náufragos*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

20 de outubro de 2021

Os integrantes e directiva do Clube *Caimanes* de Betanzos presentaron no Concello, con presenza da alcaldesa, María Barral e o concelleiro de deportes, Andrés Hermida o *IV CX Cidade de Betanzos* válido para o campionato de Galicia de ciclocros, que se celebrou nas pistas do Carregal.



Arume

21 de outubro de 2021

No Diario Oficial de Galicia deste día foi publicado o Acordo do Pleno do Concello polo que se aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Ao longo de dous meses pasou a exposición pública.

23 de outubro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos*, organizado polo Concello, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, *Contacontos Teatral* para nenos e familias «Contos de medo que deixan durmir» por conta de *Caxoto Contacontos*.

27-30 de outubro de 2021

Nos centros de ensino da cidade desenvolvéronse varios obradoiros de calacús e cartonaxe por conta de *Compás Proxectos Socioculturais e Turísticos polo Samaín*, organizados polo Concello.



Anume

28 de outubro de 2021

Foron recibidos no Concello polo concelleiro, Andrés Hermida os participantes na iniciativa *Kilómetros de Investigación*, unha ruta solidaria para apoiar a investigación sobre o Síndrome de Rett.



Anume

3 de novembro de 2021

O concelleiro, Andrés Pandelo xunto co director da Oficina Municipal de Información e Xuventude, José Luis Sobrino, entregaron no concello os diplomas do curso de plataformas elevadoras.

5 de novembro de 2021

Dentro da programación *Cine no Alfonsetti* proxectouse a película «Monster» (Patty Jenkins, 2002).

Novembro de 2021

Comezaron as obras da primeira fase de restauración e conservación do *Estanque do Retiro*, no Parque do Pasatempo, a cargo da empresa *Parteluz Restauración*.

5-27 de novembro de 2021

Na Sala de Exposicións Jesús Núñez do edificio Arquivo tivo lugar a Exposición do I Concurso de Fotografías do Camiño Inglés, organizado pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés con motivo da IV edición de «Primavera no Camiño Inglés».



6 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Libre coma os paxaros» interpretada pola compañía *Teatro do Atlántico*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



9 de novembro de 2021

O xornalista e escritor Xesús Fraga, recibiu unha homenaxe da Corporación Municipal, nun acto celebrado no Salón de Plenos que estivo presidido pola Alcaldesa, María Barral, quén lle entregou ao homenaxeado un gravado de Jesús Núñez.

10 de novembro de 2021

Organizado polo Concello realizouse o *Obradoiro de Poesía e Escrita Creativa* pola escritora galega Antía Otero do colectivo Apiario para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas.

13 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do LIII Festival Santa Cecilia da Coral Polifónica de Betanzos, tivo lugar o concerto «Piazzola» por conta do grupo *Tempo Catro*, dentro do programa da Rede Cultural da Deputación da Coruña e patrocinado polo Concello.

17-19 de novembro de 2021

Organizado polo Concello e dentro do programa Lingua a Escena da Rede cultural da Deputación da Coruña desenvóléronse varias sesións do contacontos «O xogo de Nano» de *Medrando en galego con Nano* por conta de Raquel Queizás para o alumnado de primaria nos centros de ensinanza da cidade.

19 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a actuación da *Orquesta Barroca Vigo 430* co programa G. F. Händel «ALCINA» (selección de arias da ópera), con Eugenia Boix (soprano), Alejandra Balboa (coreografía e danza) baixo a dirección de Pavel Amilcar, dentro da Programación Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia e organizado polo Concello.

20 de novembro de 2021

Dentro do programa Sábados miúdos, organizados polo Concello, realizouse na Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo o contacontos «Contos do chupete» por conta de *Migallas Teatro*.

20 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «A Lúa vai encuberta» interpretada polas compañías *Incendiaria* e *A Quinta do Cuadrante*, obra gañadora do *II Premio Manuel María de Proxectos Teatrais*. Organizada polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.



Arume

21 de novembro de 2021

Na Igrexa de Santa María do Azougue tivo lugar o Concerto da Ilusión da Banda Municipal de Música de Betanzos. Organizado polo Concello coa colaboración da Asociación de Amigos da Banda. Ingresaron na Banda sete novos integrantes: María Meléndrez Rodríguez (clarinete), Marcos Suárez Rivas (tuba), Rocío Abrodos (trompa), Sergio Abrodos Sobrino (saxofón), Diego Caamaño González (trombón), Álvaro Cegade Martínez (trompeta) e Mar Rodríguez (violonchelo).

25 de novembro de 2021

Betanzos sumouse ás campañas «En Negro contra as violencias» e «De fronte», esta última promovida pola Deputación da Coruña, para conmemorar o Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, ás que se sumaron asociacións, colectivos e comerciantes da cidade. Celebrouse na Praza da Constitución unha concentración presidida pola alcaldesa, María Barral.

27 de novembro de 2021

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns, realizouse o monólogo «Chistes que foron contos» por conta de Avelino González. Foi organizado polo Concello dentro do programa *Lingua a Escena* da Rede cultural da Deputación da Coruña.

28 de novembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do LIII Festival Santa Cecilia, tivo lugar un concerto por conta da Coral Polifónica de Betanzos.

30 de novembro de 2021

A Ferretería Núñez –máis coñecida como «A Cabeza do Cabalo» pechou as súas portas despois de máis de 170 anos de historia.

Foi fundada por Marcial Núñez Taboada en 1849.

Decembro de 2021

No Edificio Arquivo poido contemplarse a exposición dos traballos participantes no Concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello. O primeiro premio foi para Gabriel Barreiro Sánchez, de terceiro curso no CEIP Vales Villamarín.



3 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns e dentro dos actos do X Memorial Carlos López García-Picos, presentouse a publicación do Cuarteto de cordas nº. 2-A.28 «Homenaje póstumo a Béla Bartók» de Carlos López García-Picos editado pola editorial *Grupo Beroly* co patrocinio do Concello de Betanzos. A continuación tivo lugar un concerto da mesma obra por conta do *Cuarteto Novecento* que estreou o Cuarteto de cordas nº 2-A.28. Este acto estivo encadrado dentro do programa da *Rede Cultural da Deputación da Coruña* e foi organizado polo Concello.



Artume

3-12 de decembro de 2021

Ao longo destes días desenvolveuse a *X Semana do Pincho*, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. O gañador do xurado foi para Vinoteca Versalles co petisco «Lombo outonal». O gañador do voto popular foi para Adega do Pino co seu pincho «Taco italiano».

4 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Só» interpretada pola compañía *Xampatito Pato*, no *XIII Ciclo de Teatro en Familia*, organizado polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

6 de decembro de 2021

Na igrexa de Santiago realizouse o concerto do Coro Infantil e do Coro de Xovenes da Orquesta Sinfónica de Galicia. O acto foi organizado pola Orquesta Sinfónica de Galicia e a Unidad Pastoral de Betanzos coa colaboración do Concello.

10 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Crónica dunha heterosexual insatisfeita» interpretada pola compañía *Verdeveras Expresións Artísticas*, dentro da campaña da Deputación Provincial da Coruña «De fronte á violencia de xénero», contou coa colaboración do Concello.

10 de decembro de 2021

Inaugurouse neste día, na Sala Jesús Núñez do edificio Arquivo, a exposición titulada «Betanzos», da artista María José Domingo.

10 de decembro de 2021

No cine Alfonsetti realizouse a estrea documental «Semente de Berrar: 40 anos de ruído e rúa», para a recuperación da memoria da sociedade galega a través de movementos contraculturais ligados á música e á cultura desde os anos oitenta.

11 de decembro de 2021

O Club de Orientación *O Pasatempo* organizou a sexta proba da Liga Española de Rogaine, especialidade de orientación que transcurriu tamén por varios concellos da comarca e no que participaron 500 corredores.

11 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Danzadal» interpretada pola compañía *Exire*, no *XIII Ciclo de Teatro en Familia*, organizado polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.

12 de decembro de 2021

Dentro da programación do cine Alfonsetti, organizada polo Concello, proxectouse a película para público familiar «Santa Claus y Cia» (Alain Chabat, 2017).

13-17 de decembro de 2021

Organizados polo Concello dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña realizáronse ao longo destes días obradoiros e espectáculos para o alumnado dos centros de primaria e de Pai Menni. Participaron nas mesmas *Xandobela* con obradoiros *Cantos e Contos para*

o tempo de Nadal, Mago David Maestro co espectáculo de maxia «Soñando desperto», Mago Rafa con «A nova maxialidade», Mago Román con «Maxia a esgalla», Charo Pita coa narración «Contos para dar e tomar» e da *Xanela do Maxín* co «O apalpador e a nena sen medo».

15 de decembro de 2021

O padexeiro betanceiro e medallista olímpico, Carlos Arévalo, recibiu na súa calidade de soldado da Brigada «Galicia» VII (BRILAT), a Cruz do Mérito militar con distintivo branco.

16-17 de decembro de 2021

Celebráronse nos colexios de (Atocha) e no CEIP Francisco Vales Villamarín sendos Plenos Infantís coa presenza da alcaldesa, María Barral.



Hontiyuelo. La voz de Galicia

17 de decembro de 2021

No edificio Arquivo tivo lugar a entrega de premios do Concurso de carteis do Nadal, organizado polo Concello no que resultou ganador Gabriel Barreiro Sánchez alumno de terceiro curso no colexio Francisco Vales Villamarín.



17 de decembro de 2021

Dentro do programa *Sábados Miúdos*, organizado polo Concello, celebrouse no Edificio Arquivo un concerto por Pablo Díaz «Contando números, cantando cores».

18 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Semente. O home que plantaba árbores» interpretada pola compañía *Eme2 emoción&arte*, no XIII Ciclo de *Teatro en Familia* que organiza o Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

19 de decembro de 2021

Dentro da programación Cine Alfonsetti realizouse a proxección da película «Pesadilla antes de Navidad» (Tim Burton, 1993).

Decembro de 2021

A moza betanceira, Clara Blanco, estudante de bacharelato no IES As Mariñas, é unha das voces poéticas elixidas por Carlos da Aira para formar parte da antoloxía da novísima poesía galega titulada *21 poetas do século XXI* (Aira Edicións, 2021).

22 de decembro de 2021

Causou fondo pesar na cidade o falecemento neste día de Vicente de la Fuente (1934-2021), empresario e alcalde de Betanzos entre 1979 a 1983. Impulsor da cultura e da infraestrutura cultural da cidade coa creación do Arquivo Municipal, Museo e Biblioteca. Recuperou despois máis de trinta anos a publicación do Anuario Brigantino (do que tamén foi colaborador). No plano



La Voz de Galicia

urbanístico logrou que Betanzos fose incluída nun dos 100 proxectos europeos des villes pour vivre do Consello de Europa que favoreceu a rehabilitación de numerosas casa do casco histórico. Sempre irá con nós no recordo.

22 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tiveron lugar tres sesións do festival de Nadal da Escola de *Danza Danzarte*.

23 de decembro de 2021

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Paio e o poder da música» interpretada pola compañía *Oviravai*, no XIII Ciclo de *Teatro en Familia* que organiza o Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O *Anuario Brigantino* é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo o criterio do Comité Científico. O ámbito de investigación primará o marco xeográfico de Betanzos e a súa comarca, sendo extensible ao resto de Galicia. Está editada polo Concello de Betanzos e a súa periodicidade é anual.

Orixinais

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fóra da revista.

Formato, lingua e soporte

Os traballos deben enviarse por correo electrónico a anuariobrigantino@betanzos.net. Os textos remitiránse en galego, castelán, portugués ou inglés en calqueira programa de procesador de textos (Word, Open Office e similares) e as fotos en formato JPEG ou TIFF.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do *Anuario Brigantino*, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

Autor-Autores

Engadirase unha nota biográfica do autor ou autores, que non exceda as 5 liñas maquetadas. Dita nota debe incluír o correo electrónico, a institución onde presten os seus servizos e a labor que desempeñan.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumo na lingua do traballo e outro (abstract) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas. Ademais haberá que escoller cinco palabras

clave que definan o contido do traballo e presentalas no idioma orixinal do traballo e na súa tradución ao inglés.

Texto

Empregarase a cursiva para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo á parte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar. As comiñas simples " resérvanse para conter significados. As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...]. As intervencións do autor nas citas tamén se farán entre corchetes.

Citas bibliográficas

Citas parentéticas complementarias da bibliografía final.

No texto, entre paréntese, sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación.

Se é preciso, despois de dous puntos, irá o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente.

Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a). Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre parénteseponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máisponse só o primeiro seguido de et al.

Notas ó pé

As notas ao pé aparecerán ao final do texto e non conterán referencias bibliográficas, xa que estas deberan aparecer dentro do propio texto e colocadas entre parénteses. As notas ao pé servirán unicamente para desenvolver de forma somera algunha idea ou aportación que non vaia aparecer no texto do artigo. Empregaranse as notas ao pé para citar as obras literarias antigas, as notas ao pé e os recursos electrónicos:

Recursos e edicións dixitais

Indicarase a dirección web e a data de consulta entre corchetes.

RICCIONI, Stefano (2008): «Épiconographie de l'art roman en France et en Italie (Bourgogne/Latium). L'art médiéval en tant que discours visuel et la naissance d'un nouveau langage», Bulletin du Centre d'Études Médiévales d'Auxerre, no 12 [<http://cem.revues.org/index7132.html>]. Consulta de 10- 10-2008].

Notas de prensa

Poderán ir como nota ao pé indicando o título da publicación, a data de publicación, o número do exemplar e as páxinas. En caso de contar un título a nota ou a imaxe empregada, deberá ser escrito en cursiva.

Obras literarias antigas

Acolleranse ás referencias abreviadas de uso común, precedidas do nome do autor en maiúscula e do título da obra: SAN ISIDORO, Etimologías, II, 3, 5, entendéndose libro II, capítulo 3, sección 5. No caso de utilizar edicións modernas das mesmas, seguirse o formato da norma antecedente. Os textos bíblicos serán citados así: Éxodo 5, 1-2; Apocalipsis 12, 7. Pódense tamén utilizar as abreviaturas convencionais dos libros: Ex. 5, 1-2; Ap. 12, 7.

Bibliografía final

Monografías e obras colectivas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título en cursiva. Editorial, lugar de edición, [vol./tomo]. De existir varios autores, cada nome e apelido(s) se separarán por punto e coma. BARNAY, Sylvie (1999): Le ciel sur la terre. Les apparitions de la Vierge au Moyen Âge. Éditions du Cerf, París.

Se se trata dunha obra colectiva citada na

súa integridade, indicárase «ed./dir./coord.» entre o nome do compilador e o ano de edición.

CARRERO, Eduardo; RICO, Daniel (eds.) (2004): Catedral y ciudad medieval en la Península Ibérica. Nausícaá, Murcia.

Artigos de revistas

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». Nome da revista en cursiva, vol./tomo, no, páxinas. YARZA LUACES, Joaquín (1974): «Iconografía de la Crucifixión en la miniatura española, siglos X al XII». Archivo Español de Arte, t. XLVII, no 185, pp. 13-38.

Capítulos de libros e contribucións en actas de congresos

APELIDO(S), Nome completo (ano): «Título». En: APELIDO(S), Nome completo (ed./dir./coord.): Título do libro ou volume de actas en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [vol./tomo], páxinas. KENAANKEDAR, Nurith (1974): «The Impact of Eleanor of Aquitaine on the Visual Arts in France». En: AURELL, Martin (dir.): Culture Politique des Plantagenêt. Université de Poitiers-Centre d'Études Supérieures de Civilisation Médiévale, Poitiers, pp. 39-60.

Se o autor do capítulo coincide co autor do libro, non se reitera o nome, dándose por sobreentendido. SAUERLANDER, Willibald (1974): «Über die Komposition des Weltgerichts-Tympanons in Autun». En: Romanesque Art. Problems and Monuments. The Pindar Press, Londres, vol. I, pp. 223-267.

Catálogos de exposicións

Título da exposición en cursiva (ano), catálogo da exposición (Lugar, ano). Editorial, Lugar de edición. The Year 1200. A Centennial Exhibition at The Metropolitan Museum of Art (1970), catálogo da exposición (Nueva York, 1970). The Metropolitan Museum of Art, Nueva York.

No caso de citar unha contribución concreta dentro dun catálogo, proceder segundo a norma precedente incluíndo os datos precisos da exposición de acordo coa presente norma. CUADRADO, Marta (2001): «Vírgenes abrideras». En: Maravillas de la España Medieval. Tesoro sagrado y monarquía, catálogo da exposición (León, 2000-2001). Junta de Castilla y León, vol. I, pp. 439-442.

Teses doutorais e memorias de investigación inéditas

APELIDO(S), Nome completo (ano): Título da tese en cursiva. Tese doctoral/memoria de investigación inédita, Universidade/centro de investigación.

PÉREZ HIGUERA, María Teresa (1974): Escultura gótica toledana. La catedral de Toledo (siglos XIII- XIV). Tesis doctoral inédita, Universidad Complutense de Madrid.

Edicións de fontes e obras literarias

NOME E APELIDO(S) (ano): Título en cursiva. Edición de APELIDOS, Nome (ano da edición moderna): Título da edición en cursiva. Editorial, Lugar de edición, [volume/tomo].

JOHANNES GERSON (1363-1429): Opera Omnia. Edición de DU PIN, Louis Ellies (1987): Johannes Gerson. Opera Omnia. George Olms Verlag, Hildesheim, vol. III.

Se non se pode precisar a data exacta da fonte orixinal, indícarase o século, e se tampouco fose posible indícar isto, deixárase en branco indícando ó final a data da edición moderna.

Ilustracións

As imaxes incluídas serán fotografías ou deseños libres de dereitos. En caso de reproducir imaxes xa publicadas, deberá citarse debidamente a fonte orixinal. No caso de imaxes tomadas de Internet, especificarase a dirección web e a data de captura. En todo caso, o autor do traballo será o responsable de calquera posible vulneración de dereitos. O envío das imaxes debe facerse en formato JPG ou TIFF, cunha calidade mínima que permita a súa edición e maquetación. De non ser así, poderá ser descartada. De existir un lugar determinado dentro do texto para a colocación das imaxes, debe ser indícado cunha numeración correlativa (Imaxe 1, Imaxe 2, etc.) para facilitar o traballo de edición posterior. Cada foto deberá ir acompañada dun texto para o pé de foto no que se citará a información do seguinte xeito: APELIDOS, Nome (Año). Título ou descrición da fotografía en cursiva. Medidas, fondo.

Fig. 14. FERRER (ca.1890). Vendedoras na rúa da Porta da Vila. Arquivo Municipal de Betanzos.

Se se trata da reprodución dalgunha obra de arte o sistema será similar:

APELIDOS, Nome (Año). Título da obra en

cursiva. Material e medidas se se coñecen. Fondo do que procede.

Fig. 15. LÓPEZ CRESPO, J. (1903). José Ildefonso Portal Montenegro. Museo das Mariñas.

Dereitos

Os autores serán sempre os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica nin a publicación do traballo supón ningún tipo de relación contractual co Concello de Betanzos.

Revisión

Será decisión do Comité Científico a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos no tema, revisando o traballo de forma anónima seguindo o sistema de dobre cego e emitindo un informe no que se valorará a pertinencia da súa publicación.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo de dous anos, dependendo sempre das necesidades da revista.

O *Anuario Brigantino* contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadrarlo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

Corrección

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indícados. Non se permitirán cambios substanciais do texto entregado.